



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 14/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a vinte e oito de xullo de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- PAULA CASTENDA BLANCO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Non asiste:

- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DE DATAS 26/05/2007, 08/06/2017 e 15/06/2017.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 26/05/2017, e ás actas das sesións ordinarias de datas 08/06/2017 e 15/06/2017, cuxas minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de maio de 2.017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

A acta da sesión extraordinaria, de data 8 de xuño de 2.017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Castenda Blanco, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación.

Intervén a Sra. Martínez Candal, que sinala que na sesión extraordinaria, de data 15 de xuño de 2017, a súa primeira intervención, non se recolle na súa integridade

Onde di:

.../...

Vostede pretende (...) prevaricación consiste en que un servidor público dite unha resolución arbitraria nun asunto administrativo a sabendas de que dita resolución é inxusta ou contraria á lei, é comparable ao incumprimento dos deberes do servidor público. Dita actuación é unha manifestación dun abuso de autoridade, está sancionada polo dereito penal e busca a protección tanto do cidadán como da propia administración. O delito debe ser cometido por un servidor público no exercicio das súas competencias (...). **Somos valentes para enfrontarnos a un poderoso que nos intenta facer tontos.**

.../...

Debe dicir

.../...

Vostede pretende modificar un proxecto sen traelo para a súa aprobación no pleno e sen o visto bo da Deputación e mentres os veciños andiveron polas pistas sen arranxar. Ten delito que intente sequera modificar un proxecto en execución cando as bases da Deputación non o permiten, facéndoo a sabendas, iso chámase prevaricar. Por si non o sabe prevaricación é un delito que consiste en que un servidor público dite unha resolución arbitraria nun asunto administrativo a sabendas de que dita resolución é inxusta ou contraria á lei, é comparable ao incumprimento dos deberes do servidor público. Dita actuación é unha manifestación dun abuso de autoridade, está sancionada polo dereito penal e busca a protección tanto do cidadán como da propia administración. O delito debe ser cometido por un servidor público no exercicio das súas competencias. Xa adianto que non acuso, senón que o aviso para que deixe de cometer irregularidades deste tipo, por que xa mediante un rogo avisei de que non podía modificar o proxecto mencionado sen os requisitos da Deputación, e parece que non quere atender á razón, polo que o segundo aviso vai nesta moción de confianza na que me remito ao trasladado pola Xefa de Plans da Deputación. O Alcalde ten a facultade de poder modificar o 10%, pero sempre con aprobación plenaria previa e despois da Deputación. Máis do 10% xa non se pode sería un novo proxecto. O feito de que estea adxudicado non cambia nada. Así que Sr. Alcalde debo pedirlle que rectifique e se quere modificar algo pase primeiro polo acordo plenario correspondente, xa que lle parece que os proxectos financiados pola Deputación son iguais aos do concello, e non é así, por moitas competencias que vostede queira ter, o que acaba sendo é un incompetente pola actitude de soberbia e de non querer escoitar aos demais. **Somos valentes para enfrontarnos a un poderoso que nos intenta facer tontos.**

.../...



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

A acta da sesión extraordinaria, de data 15 de xuño de 2.017, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención do Sr. Vázquez Raña, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coa corrección sinalada pola Sra. Martínez Candal.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal

PUNTO TERCEIRO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación

“Na actualidade existe unha senda peatonal e ciclista que vai dende a N550 ata a rotonda do Paraíso, anque é un tipo de infraestrutura que favorece moito a veciñanza, parécenos que debe de intentarse ampliar xa que incluso podemos atopar varios motivos como poden ser:

A mellora de accesibilidade ao centro de Ordes para os peregrinos dende o camiño Inglés.

A mellora para a economía local.

A ampliación de zonas de recreo altamente demandadas polos veciños.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

A conexión da senda actual co paseo Iván Raña que resulta ser un dos máis concorridos polos Ordenses.

Mentres estiven no goberno, solicitárase a fomento a obra para a conexión que menciono para cruzar a N550 sen perigo para os usuarios da senda.

É polo que propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia para que proceda cos trámites para a construción dunha senda peatonal e ciclista para darlle continuación á xa existente, entre o Paraíso e o lugar de A Costa, en Poulo.

2.- Instar ao Ministerio de Fomento a que proceda a executar un paso seguro para os viandantes entre a senda existente e o paseo Iván Raña”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o que sexan sendas peonís como o teñen intentado e impulsado no pasado parécelles positivo. Estase a mudar a conciencia para deixar o coche máis na casa e moverse máis. A súa resposta vai a ser positiva.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que están de acordo coa moción. Parécelles máis urxente o acondicionamento dunha senda existente que é a que vai dende o Paraíso hacia a Pinguela. Ten o problema do postes no medio da senda, é máis urxente ira hacia aí facendo unha canalización soterrada da liña eléctrica. Dende o BNG apostan por aumentar todo o que sexan sendas, zonas de recreo das que tanto carece Ordes. En canto ao paso seguro xa está recollido no PXOM, están de acordo en que se inste ao Ministerio para axilizar a súa execución.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa moción. Coinciden cos compañeiros en que todo o que sexa facer sendas peonís para mudar o hábito de andar menos no coche e poder camiñar máis é beneficioso para os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai analizar os acordos, que llos permita emendar para que poidan votar os mesmos. Instar á Xunta de Galicia para a construción desa senda peatonal e ciclista xa esta feito. O 02/03/2017 reuniuse coa Conselleira onde se propuxo esta senda e unha de continuación da AC413 dende o Balado ata a entrada de Darefe, e esta que comunica o Paraíso coa Costa de Poulo, xustificándose pola construción do albergue de peregrinos. 17 e 18/04/2017 segunda reunión en Ordes, vense os sitios, mostrou receptividade.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

25/05/2017 reunión co Xefe de Servizo de Infraestruturas ven para iniciar a redacción dos proxectos. Pol que habería instar á Xunta de Galicia para executar a construción. Os proxectos xa se están a redactar, se espera que sexan viables no 2018. Con respecto ao segundo o 09/03/2017 presentouse na Demarcación de Estradas un proxecto por importe de 826.000 euros, unicamente temos a situación adversa de que os orzamentos xerais do Estado despois da negociación para a súa aprobación cos partidos políticos foi unha das partidas que non puido incluírse. Agora estamos condicionados a que esta situación se poida condicionar nos orzamentos xerais do Estado no 2018. Polo que a segunda parte do acordo debería ser instar ao Ministerio de Fomento a incluír nos orzamentos xerais do Estado para 2018 un paso seguro para os viandantes e a rotonda na entrada de Ordes, que é o proxecto que a día de hoxe ten a Demarcación de Estradas. Pídelle emendar estes puntos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que acepta as emendas.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia para executar a construción dunha senda peatonal e ciclista para darlle continuación á xa existente, entre o Paraíso e o lugar de A Costa, en Poulo.
2. Instar ao Ministerio de Fomento a incluír nos orzamentos xerais do Estado para 2018 un paso seguro para os viandantes e a rotonda na entrada de Ordes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación

“A finais dos anos corenta Venezuela converteuse en receptora de inmigración masiva debido á profunda transformación económica impulsada polo auxe petrolífero e pola política inmigratoria de portas abertas do goberno do ditador Pérez Jiménez. Soamente en cinco anos, entre 1953 e 1958, entraron 150.000 españois, o que supón a metade de todos os que emigraron a Venezuela entre 1945 e 1985. Aproximadamente un terzo eran galegos, que cegaron atraídos por unha forte demanda de man de obra eficiente e barata, necesaria para levar adiante o programa de grandes obras públicas da ditadura. O 70% aséntase na capital, onde os paisanos xa instalados infórmanos sobre os posibles postos de traballo e aloxamento; tamén contan co asesoramento dos centros galegos –os dous primeiros, Lareira Galega e Centro Galego, fundados en 1945 e 1948 respectivamente, por exiliados republicanos- entre cuxos obxectivos está o socorro mutuo e a asistencia ao emigrante recentemente cegado o país, normalmente sen familia e sen recursos económicos. A crise en Venezuela fai referencia á crise económica que desde 2013 sofre o país, e que estendida durante os anos mostrou que non soamente é unha crise económica, senón tamén unha crise institucional, política e social.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Actualmente Venezuela vive un grave problema de desabastecemento en materia de medicamentos desde hai máis de dous anos e a situación non parece mellorar coa ausencia de antibióticos, hipertensivos, anticonvulsivos, anticoagulantes, os anticonceptivos regulares, algúns tipos de antibióticos e tamén algúns medicamentos para o cancro. O que fai que familiares de emigrantes neste país oriundos do Concello de Ordes como de limítrofes reciban peticións para que se lle manden produtos farmacéuticos que necesitan para as enfermidades que padecen e que non poden obter en Venezuela, debemos lembrar que a maioría son persoas de idade avanzada e que necesitan medicamentos polas súas enfermidades crónicas.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte os seguintes acordos de resolución:

1.- Instar á Xunta ao establecemento de medidas urxentes e extraordinarias para a atención dos galegos residentes en Venezuela coa finalidade de establecer unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos e artigos de primeira necesidade ante a situación de dramatismo que se está vivindo.

2.- Instar á Xunta a que se habilite unha partida orzamentaria para a adquisición de material farmacéutico e de necesidades básicas para a colonia galega en Venezuela”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que todos nos facemos unha idea do que acontece en Venezuela, podemos imaxinar o drama diario dos venezolanos. Estase a falar dun problema económico de difícil solución, non de abastecemento de produto. Existen entidades de axuda humanitaria, non está de máis que as administracións establezan medidas de axuda humanitaria e máis sabendo que moitos galegos e veciños están a vivir esa situación de desesperación máxima, polo que van a apoiar a moción.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que o que está a sufrir o pobo venezolano non é máis que un bloqueo encuberto de certas empresas farmacéuticas de capitais transnacionais de países que teñen interese de facer de Venezuela certa colonia. Aínda que pode contribuír a paliar, non creen que a solución sexa enviar un cargamento de medicamentos. A solución será que o goberno venezolano e a oposición consigan recuperar a normalidade democrática no país, e se inste a todas as empresas, farmacéuticas e todas aquelas que están operativas a fornecer de subministrados e produtos básicos á poboación.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que na mesma liña que os compañeiros, son medicamentos de primeira necesidade. É triste que carezan destes medicamentos moi necesarios. É un drama o que esta a acontecer. Están totalmente de acordo.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que non se pode negar que a situación dos nosos compatriota e de todos os venezolanos é dramática. Están de acordo en que a Xunta de Galicia lle vote unha man a todos os que viven alí. Presentan unha emenda para que sexa a Xunta de que maneira. Que se elimine o parágrafo segundo e se engada ao primeiro unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos, material farmacéutico e artigos de primeira necesidade para a colonia galega en Venezuela ante a situación de dramatismo que están vivindo. Que sexan eles por que teñen outro sistema, xa axudaron a outras zonas de Hispanoamérica.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que acepta a emenda. Recorda que o desabastecemento e para todos, ricos e pobres. Parécelle que se debe axudar aos nosos compatriotas que tiveron que emigrar pola pobreza que había aquí e agora volven a sufrir alí.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Instar á Xunta ao establecemento de medidas urxentes e extraordinarias para a atención da colonia galega residente en Venezuela coa finalidade de establecer unha liña de axuda humanitaria para a consecución de medicamentos, material farmacéutico e artigos de primeira necesidade ante a situación de dramatismo que se está vivindo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“O 19 de xaneiro de 2017, a policía local emitiu unhas propostas de sinalización no casco urbano. Logo de transcorrer medio ano e vista a pasividade do goberno municipal a este respecto (xa que a proposta está durmindo o sono dos xustos), desde o grupo municipal do BNG consideramos preciso debater no pleno esta cuestión e mesmo tentar sacar adiante a modificación da ordenación do tráfico nalgunhas rúas de Ordes. As que se tratan nesta moción non son tódalas modificacións que nos gustaría acometer, pero consideramos que unha modificación de tal calado, é preciso ilar introducindo paulatinamente e dando marxe á veciñanza para que se habitúe a nova situación, sen crear un caos temporal.

Deste xeito, propoñemos a aplicación das propostas elaboradas pola policía local de Ordes recollidas nos planos nº 1, nº 3, nº 5 e nº 6 (acompañanse na presente moción).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

No plano nº 3, pensamos que se deberá levar a cabo a construción dunha rotonda que regule o tráfico no cruce entre as rúas camposanto, Galicia e Nova (no plano represéntase unha idea, previamente a levala a cabo deberíase estudar máis polo miúdo polos técnicos municipais para establecer as dimensións e posición da mesma).

Con respecto ao plano nº 5, indicar que o pintado das prazas de estacionamento deberá ser respectando o actual; e propoñemos ademáis que do lado da piscina, se despracen as prazas de estacionamento cara o viario para formar un pequeno noiro, en castelán talud, que permita dispoñer de céspede e mesmo pequenas árbores, tapando deste xeito o exceso de formigón e chapapote existente na zona. Incluso poderíanse prever pequenas trincheiras no mesmo para situar os contedores e reducir o seu impacto visual na zona (ver esbozo que se acompaña).

Recordamos unha vez máis que todo isto é debido á pésima xestión e previsión urbanística que se leva facendo historicamente en Ordes e pola cal, a día de hoxe temos numerosas rúas estreitas que non permiten a disposición nas mesmas dunhas beirarrúas anchas, con zonas de aparcamento amplas e con zonas de circulación que permitan un tránsito cómodo dos vehículos.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Reorganizar o tráfico nas rúas da vila de Ordes segundo o proposto nos planos que se acompañan, tendo en conta o formulado na exposición de motivos para os planos nº 3 e nº 5.
- 2.- Establecer nas rúas Casabella e Camposanto, unha limitación de circulación de vehículos, prohibindo o paso para vehículos de máis de 5,5 toneladas”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que pensa que nesta moción se poderían incluír os cambios solicitados por unha residente con discapacidade na Rúa Campomaior, expoñendo o seguinte motivo: na actualidade á altura do portal nº 9 reside unha persoa con discapacidade e que leva reclamando este cambio dende fai tempo, solicitamos a o BNG que se teña en conta a emenda na que propoñemos engadir os seguintes puntos na súa moción: mudar a zona de libre aparcamento da marxe dereita para a marxe esquerda, quedando a marxe dereita para estacionamento temporal e deixar establecida a praza de minusválidos solicitada pola interesada á altura do portal nº 9 de Campomaior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nesta emenda hai cousas que non son así. A persoa non foi a que pediu en ningún momento esta praza de minusválidos. O compañeiro do PSOE a trouxo aquí nun pleno anterior e lle deu a resposta do que pasaba. Ofrecéuselle a praza de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

minusválidos, pero que non podía ser de vinte e catro horas, de 9:00 a 10:00 e de 14:00 a 15:00 horas. Os días lectivos, a policía non ve lóxico cambiar a zona de circulación para outro lado, non podería tela operativa, a tería que ter libre os días lectivos dúas horas ao ano. Iso non lle serve, foi polo que se lle dixo que non en base ao que a policía local informou. Con respecto á outra parte non cumpre a normativa, non podemos meter unha praza de minusválidos á altura do número 9, na curva, ofrecéuselle máis arriba ou abaixo. Non vai haber unha praza que incumpra a normativa onde diga unha veciña. Pode ter unha praza de minusválidos nas mesmas condicións que a outra xa existente onde Espina y Delfín. Non hai máis que discutir. Non entendemos que nesta moción se discuta isto. Ten dereito á praza de acordo co que a policía local informa.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a rúa ten o ancho que ten. Hai que adaptarse ao que hai. Entenden que esa rúa o que ten que ter é estacionamento nunha soa marxe, dous carrís de circulación e deixarse de horas de aparcamento. É acertado por a zona de estacionamento do lado dos edificios. A todos lle gusta aparcarse a carón da casa, por andar vinte ou cincuenta metros non pasa nada. Así poderíase establecer esta praza de minusválidos mellorándose a mobilidade. Se aceptan esta modificación solucionaríase esta problemática na zona.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle parece unha boa idea. Mesmo a entrada e saída das clases de inglés os vehículos teñen que facer parada nos portais dos edificios para poder cruzarse na vía. O dobre carril ten moito sentido nesta rúa, sería unha mellora para a circulación, a zona conta con aparcadoiro suficiente arriba e abaixo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a policía local non opina o que vostedes acaban de dicir.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que en xullo de 2016 trouxeron unha moción para modificar esta ordenanza de circulación, quedouse de estudar nunha comisión, están esperando. Pide que se debata nunha comisión.

Intervén o Alcalde, que sinala que xa se celebrou a comisión informativa, despois o que non se levou a cabo foi a modificación da ordenanza. Isto é algo que xurdiu a posteriori.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que esta é unha cousa seria. Haberá que estudar na comisión pertinente, así o pediu o BNG ao goberno anterior onde se tratou a ordenanza de circulación. Hai que estudalo con calma, non é vir aquí e votar. Pídelle que se acorden as cousas con consenso entre todos con debate nas comisións. Non é que non estean de acordo, si que é necesario un cambio na ordenanza, estudémola entre todos. Se se retira e estuda nunha comisión, senón terán que absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que pídelle que deixe a moción sobre a mesa. Temos os prezos das modificacións en todas estas rúas, falta a parte de sinalización vertical. Estamos a falar de bastantes cartos. Hai unha cousa que hai que facer xa, que é o tema dos colexios e centro de saúde, que as temos que facer en setembro. Necesitamos ter orzamentos. Faralles chegar estas valoracións. Reuniranse con respecto ás demais. No debate da ORA non quere entrar, neste momento tal é como está a funcionar non o ven xusto, teñen dereito a unha postura distinta. Senón non van a apoiar esta moción. Estas cousas teñen a súa lóxica pero hai moito que opinar por todos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que decidiron traelo por que pasa o tempo, igual que con outras cousas como o deseño dos parques do que nunca mais se tratou. Hai que entrar no debate da ORA teñen un modelo de cara á zona azul. Queren sometela a votación, non son cambios tan complicados, deixan fora o tema dos colexios. O que tentan son propostas lóxicas para transformar pouco a pouco a vila, e despois tratar na comisión correspondente o resto das propostas. Se teñen a ven se aproba, senón veranse en comisión. O que se pide non é nada fora do común, ou de entender.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que naquela reunión quedouse de facer unha reunión coa Asociación de Comerciantes e non tiveron noticias ao respecto. Foi vostede o que propuxo aumentar a zona de ORA a outras rúas escondéndose como sempre detrás dunha petición da Asociación de Comerciantes. Mentres estivo no goberno houbo peticións dos concesionarios da praza de abastos para que se implantase en Ordes o que o BNG propuxo nesa comisión que é un sistema de aparcamento temporal gratuíto que todos poderían desfrutar. Segue a semellar ao goberno as propostas interesantes que os veciños solicitan, eses que di que escoita cada di pero que despois parece que lle entra por un ouvido e lle sae polo outro. Demostra pouca sensibilidade coas persoas discapacitadas.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se ratifican en que é necesario que se estude nunha comisión xunto coas outras propostas que xa se levaron.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que pide que o Alcalde convoque esa comisión, que o BNG o deixe sobre a mesa. Se nun prazo curto de tempo, ata finais de setembro non se convoca a comisión, están dispostos a apoiar a moción se o BNG a trae de novo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai problema en convocar a comisión, xa se falou ao respecto. Falouse de quedar cos comerciantes, se despois estes están divididos entre eles e non están dispostos a vir cunha proposta de consenso non facemos nada. Non pode falar do que descoñece. É moi fácil lanzarse. A realidade é esa. Despois dicimos que non escoitamos, non temos conciencia. Escoitamos máis do que vostede pensa. Despois estamos na guerra das competencias, podemos votar o que queiran, despois a final de contas o único que se vai a tratar de dicir é se se cumpre o acordado. Neste tipo de decisións debe haber un acordo maioritario do pleno. Na comisión non fumos o único grupo que pediu que a modificación da ORA se adiará por máis tempo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que visto que non vai haber consenso, o que quere é que saímos de aquí cun compromiso firme de que no mes de setembro nos vamos a sentar e tomar en serio a proposta da policía coas correccións e apuntamentos que lle queiramos facer os grupos políticos, e van a tratar de sacar adiante un acordo seriamente de consenso para solucionar esta cuestión, están dispostos a retirala.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o problema dos colexios faranse antes de empezar o curso escolar, teñen aí o plano.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que pide que se convoque tamén unha reunión para esta cuestión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que antes da entrada en vigor dos orzamentos non se pode facer. Todas xuntas non se poden facer. O que non se vai a facer é cambiar o sentido de circulación e aparcamento do 30 ou 40 % das rúas da vila. Ese proceso pode levar un ano, coincide plenamente coa policía local, prioridade centro de saúde e CEIP Castelao.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a dar un voto de confianza. Se en setembro se tratan estes asuntos, hai un acordo en comisión e poden solucionar o problema de circulación que temos nas rúas da vila. Agarda que así sexa. Retiran este asunto da orde do día.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“No pleno do 14 de novembro de 2013, aprobouse o regulamento de organización e funcionamento do consello escolar municipal do concello da Ordes, establecéndose no artigo 20 o seguinte: O CEM elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que se enviará a Corporación Municipal, á Consellería competente en materia educativa e ao Consello Escolar de Galicia, de conforme co disposto no artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986, de consellos escolares de Galicia, e no artigo 27.2 do Decreto 44/1988, do 11 de Febreiro, que desenvolve a citada lei.

Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano a referirse ao curso académico pechado e poderá versar sobre aspectos específicos ou singulares”

Esta obriga nunca foi cumprida nin na anterior lexislatura nin na presente lexislatura, a pesares de que xa vai alá máis da metade da mesma.

Este grupo municipal do BNG de Ordes demandou insistentemente en reiteradas ocasións o cumprimento do citado artigo 20 do regulamento de organización e funcionamento do consello escolar municipal do concello de Ordes, moción xaneiro de 2016, rogo abril de 2016, rogo xaneiro de 2017, rogo marzo de 2017, rogo maio de 2017.

No pleno de xaneiro de 2016, aprobouse por unanimidade a moción que presentamos desde o BNG de Ordes sobre o cumprimento do regulamento de organización e funcionamento do consello escolar municipal do concello de Ordes, incluso co voto favorable dun PP no goberno que como se demostrou, non cumpre co acordado, limitándose unicamente a darlle patadas á pelota para que o tempo vaia correndo.

No pasado pleno ordinario de maio de 2017, desde o BNG lanzouse un ultimátum dando dous meses para o cumprimento dunha esixencia que este grupo municipal leva demandando durante varios anos no pleno da corporación, transcorrido ese prazo e chegados ao pleno ordinario do mes de xullo de 2017, despois de ter agardado para a presentación da presente moción ata o mesmo día do pleno pola mañá, momento no cal aínda se atopa sen cumprir a esixencia, vémonos na obriga de propor ao pleno da corporación municipal a reprobação da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

actitude da concelleira delegada de educación, benestar social e traballo, D^a. Susana García Gómez.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Reprobar a actitude da concelleira delegada do educación, benestar social e traballo, D^a. Susana García Gómez, polo reiterado incumprimento do regulamento de organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Ordes.

2.- Instar á concelleira delegada de educación, benestar social e traballo, D^a. Susana García Gómez, a cumprir o regulamento do organización e funcionamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Ordes, especialmente o establecido no seu artigo 20^o.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 4 grupo político PP, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que a reprobación é un instrumento de control do goberno e acción política. É unha declaración no que se manifesta o desacordo cunha actuación ou comportamento das concellerías con delegación. Unha reprobación poderá presentarse no pleno ou nas comisións informativas por maioría absoluta das persoas membros de dereito no pleno ou comisións informativas e a súa aprobación será no pleno coa mesma maioría. Debe formularse por escrito cunha antelación preceptiva á celebración da sesión, sinalando os motivos de reprobación do concelleiro afectado. Entende que non se deber presentar unha reprobación mediante moción, se debe falar entre todos os compañeiros da oposición. Se ten a ven o BNG estudar esta posibilidade.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que en relación co segundo punto están de acordo, hai que cumprir o regulamento. En canto á reprobación ten que reunirse a Agrupación Socialista para tomar unha decisión, non tiveron tempo suficiente para reunirse e tratar este punto. Se se mantén absteranse.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que entenden que unha reprobación vai máis aló dunha moción. Ten que falarse cos demais compañeiros da corporación e non traelo aquí vía moción. En relación ao segundo punto debe ser a concelleira delegada a que nos comente, debería explicar o que fixo dende o Consello Escolar Municipal en materia de educación.

Intervén o Sr. Secretario, que pregúntalle á Sra. Martínez Candal se o que leu o sacou do regulamento orgánico municipal, e cal é o artigo. O apartado de control e fiscalización dos demais órganos de goberno polo pleno. Artigo 55. Prohibición de reiteración de controis sobre o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

mesmo obxecto. Artigo 56. Medios. Artigo 57. Deber de comparecencia. Artigo 58. Requisito de presenza e información de membros corporativos ou directivos que ostenten delegación. Artigo 59. Control sobre a actuación da Xunta de Goberno Local. Artigo 60. Mocións de censura e cuestións de confianza. Debería vir recollido cun apartado propio aquí.

Intervén o Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que o Regulamento aprobouse no 2013, foi publicado no 2014. A Corporación anterior tampouco tivo moito tempo para facer un informe sobre o estado do ensino no municipio. Cando rematou o curso sobre o que tiña que facer o informe a Sra. Marín Pereiro xa non estaba como concelleira delegada de educación e eu non tiña os datos do curso 2014-2015. No curso 2015-2016 non se pode facer o informe ata setembro de 2016, que era o que lle correspondía facer. Non se pode facer por que os IES non teñen os informes dos que promocionan ata os exames de setembro. Esta concelleira encóntrase coa dificultade de que os IES son celosos de entregar os resultados académicos dos rapaces. En outubro de 2016 manda un escrito a todos os CEIPS, IES e Anpas para que presenten as memorias e resultados. Tan pronto recibe as memorias as remite a todos os membros do CEM, os IES non enviou as memorias. No 2017 un IES remite un cadro como memoria. Neste intre recórdalle que estivo apartada de todas as actividades por maternidade. En xullo convoca o CEM e fai ela unha memoria. A encargada de facer o informe é a Comisión Permanente do CEM que non estaba constituída. Convocou o CEM, presentou un informe do estado do ensino no que especifica na introdución todos estes datos, como punto de partida. No CEM constituíuse a Comisión Permanente, deixando o tema sobre a mesa para que o IES aporte os datos. A Comisión Permanente reuniuse o 27 de xullo incorporándose os datos deste IES, acordando reunirse de novo o 18 de setembro. Este é o primeiro que se fará antes do 15 de outubro de 2017 para facer unha comparación. Non lle quere dicir que nos adicamos a traballar e non facer estatísticas. O CEM reuniuse para temas graves en materia de educación, está a traballar, vai a facer os informe, o regulamento, o que vai con retraso é o primeiro informe do CEM. Cando presentou a moción en xaneiro 2016 e o rogo en abril 2015 aínda non rematara o curso, entrou como concelleira en xullo de 2015, en setembro 2015 empezou un curso académico. Recoñece que o informe de xullo tiña que estar feito o ano pasado pero non pode obrigar á xente a que lle entregue eses datos. Vai a cumprir co artigo 20, non incumpe reiteradamente o regulamento que se esta a cumprir na súa maior parte.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que esta cuestión foi anunciada no pleno ordinario de maio. Que hoxe mandou un informe, si, ás 15:07 da tarde. Vostede é a Presidenta do CEM, vostede é responsable de que teña as convocatorias, que se cumpra o regulamento. Se hai un centro que non envía a documentación, terá que incluír a correspondente observación. Que no 2016 se nos diga que se esta a rematar o memoria financeira do curso pasado, que se convocará o CEM, no 2017 que se esta a elaborar. Estívose a darlle patadas a pelota sen cumprir o que hai que cumprir. É difícil facer o primeiro informe, non lle estamos a esixir un documento completo, queren que se vai implementando, que se vai cumprindo o regulamento e pouco a pouco estar ben informados da situación do ensino no concello, analizar as deficiencias e as medidas a aplicar para mellorar a súa situación. En setembro 2016 dixo que non se podía facer, ata o día de hoxe van dez meses, entenden que non pode levar tanto, que vai incompleto, é un punto de partida para pouco a pouco ilo cumprindo. Teñen a impresión que ata o mes de maio co ultimátum non se puxeron en serio para sacar



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

adiante o informe. O CEM ten que traballar e cumprir o regulamento. O actual goberno ten a obriga de cumprir o regulamento. Tivemos a elegancia de avisala con dous meses de antelación, non chegamos a este pleno de repente presentando unha moción sen avisar, insistimos ata cinco veces, non se cumpriron as nosas demandas de cumprir o regulamento do CEM, por iso chegamos a este punto. Isto ten que entenderse como un tirón de orellas para que se cumpra o regulamento no sucesivo. Non vai máis alá. Non lle esiximos dimisión ningunha, pero si que se poña a traballar, a cumprir este artigo 20 do regulamento do CEM.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que pregunta se deixa a moción cos dous puntos como está. Parte de razón si que ten o BNG. Preferiría que se retirase o primeiro punto e se fixese a reprobación doutro xeito. Van a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que se reafirman en que o primeiro punto non lles parece correcto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que efectivamente en novembro de 2013 se aproba o regulamento, que entra en vigor en xaneiro de 2014. Constituír o CEM foi unha odisea por que coincidiu coa renovación dos Consellos Escolares nos centros por obriga da Consellería de Educación. Non se puido contar con todos os representantes da comunidade educativa pola renovación nos centros. Cando se deu constituído foi tarde, o primeiro informe non puido ser. En xullo de 2015 hai un novo goberno, os datos como lle apuntaron veñen tarde, en outubro é cando se pode facer ese informe. Pregunta que datos cree que teñen que formar parte do informe

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que haberá que facer constar alumnado dos centros, problemáticas dos centros. Que ten que ser legalmente doutra maneira, haberá que facelo.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que o informe non so contén datos estatísticos. Os datos dos que se fala nos consellos escolares de centro son confidenciais, para solicitar eses datos hai que pedilos. No CEM os centros poden aportar eses datos estatísticos, pero eses non son os únicos, o informe vai máis alá das problemáticas puntuais. A Consellería de Educación cada vez é máis restritiva coa información das problemáticas nas aulas por que son datos que afectan a menores, polo que non se poden plasmar nun informe. Os datos que se poden incluír son porcentuais, outros datos problemas de transporte, cobros ás familias. A concelleira non lle pode dar un tirón de orellas aos centros que teñen autonomía para decidir se aportan eses datos, que teñen que contar coa autorización do inspector, hai datos académicos e de contido programático. Ese informe ten que ser un extracto dos temas tratados no CEM. Parécelle un brindis ao sol, se quere facer unha reprobación fale cos demais membros da corporación, pero so facer para que se vexa que se fai. UxO non está de acordo co contido da moción con que se diga que isto non foi cumprido na anterior lexislatura. Se tivera falado con nos lle teríamos explicado toda a problemática. Cando se queren facer estas cousas hai que facelo dunha maneira seria, non a través dunha moción presentado no último momento. Vanse abster nesta moción.

Intervén o Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que compre ter en conta que determinados membros do CEM cesaron ao desaparecer as Escolas Unitarias. Segundo o regulamento as xuntanzas ordinarias realizaranse cada seis meses. Nos empezamos a traballar cun CEM xa constituído con catro xuntanzas ordinarias, nos a reducimos a tres. Neste curso escolar fixéronse as dúas xuntanzas contempladas no regulamento, unha no primeiro



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

trimestre e outra no segundo. O único que se lle pode votar en cara ao CEM é non aprobar o informe do curso escolar 2015-2016, antes do 15 de outubro de 2017 aprobaranse os dous.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria:

- Primeira votación, cinco votos a favor (3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político UxO, Sr. Manteiga García), sendo dezasete o número legal dos seus membros.
- Segunda votación, cinco votos a favor (3 grupo político BNG, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos en contra (grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político UxO, Sr. Manteiga García), sendo dezasete o número legal dos seus membros. Decide o empate o voto de calidade en contra do Sr. Alcalde, rexeitándose a moción presentada polo grupo político BNG.

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula os rogos seguintes:

- A varanda existente na estrada que vai dende Mesón a Cerceda está a presentar desperfectos cada pouco tempo, leva case un mes rota, e xa se había solicitado un rogo anterior que se emitise un informe técnico ao respecto, xa que a simple vista observase que non é segura para os viandantes, sendo a súa finalidade a protección fronte a caídas a distinto nivel, polo que formulo o seguinte rogo ao señor Alcalde:

Se nos emita informe técnico da seguridade da varanda existente.
Se proceda a arrancar a varanda urxentemente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o vindeiro luns ven o técnico da Deputación como titular da vía, daráselle traslado desta petición.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

- Durante este mes de Xullo os veciños e veciñas de Ordes e parroquias de Leira, Mesón e Mercurín tiveron que soportar unha intensidade de cheiros insoportables percibidos sobre todo ao redor das 20 h.

Descoñécese de onde veñen eses cheiros, aínda que, por experiencias previas, é de supoñer que poden chegar do vertedoiro da Areosa (Sogama, S.A.) ou da incineradora de animais (GESUGA). Anteriores gobernos municipais xa manifestaron ante os responsables das plantas antes aludidas peticións (reiteradas no tempo por esta época) de que se extremen as precaucións no desenvolvemento da súa actividade para evitar eses cheiros indesexables. Non obstante, todo quedou en verbas e promesas futuras.

Por todo o exposto, dende o Grupo Municipal dos Socialistas de Ordes instamos ó Concello para que se reclame as entidades Sogama S.A e GESUGA un especial control sobre a súa actividade, solucionando o problema de reiterados, intensos e insoportables cheiros que veñen de soportar os veciños e veciñas do concello de Ordes probablemente derivados do vertedoiro da Areosa e da incineradora de animais.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que temos solicitada e aceptadas reunións co Xerente de Gesuga e Presidente de Sogama na segunda semana de agosto. Aparte da problemática do tránsito de camións pola vía trataremos esta cuestión.

- Veciños da Costa de Santa Cruz acudiron a nós denunciando o estado de abandono da Fonte da Costa, incluído o lavadoiro e o acceso, totalmente invadido pola maleza.

Por isto, instamos ó Concello de Ordes a que limpen e acondicionen a zona para que os veciños poidan usar a Fonte e o lavadoiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se pasará a comprobar o estado.

- Veciños de A Grela alertaron á Agrupación Socialista de Ordes da existencia dun tellado sobre un camiño público en mal estado e con perigo de que lle caian as tellas ós viandantes o que podería ocasionar danos persoais graves.

Por isto, instamos ó Concello de Ordes a que tome as medidas necesarias para eliminar ese punto de risco sobre o camiño público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que nos ten que remitir a ubicación, mandará á policía local para que comprobren esta situación.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

- Na rúa Rosalía de Castro á altura do edificio nº 16, atópanse pinzadas unhas baldosas da beirarrúa co correspondente risco de tropezo para as persoas que transiten pola mesma.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á corrección desa deficiencia no pavimento da beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle deu traslado á brigada de obras.

- Na rúa do Recreo, á altura do cruce coa rúa Xosé Xoxardo existen varios locais hostaleiros e comerciais que non dispoñen dunha zona de carga/descarga habilitada para tal fin.

A consecuencia é, que moitas veces os camións vense obrigados a estacionar invadindo a calzada ou mesmo a beirarrúa, dificultando o tránsito e provocando situacións de risco para o persoal que efectúa a carga/descarga.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A habilitar e sinalizar unha zona de carga/descarga na rúa Xoxardo, onde antigamente estaba reservado para o estacionamento da policía local.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ese espazo se entrega para iso. Parécelles adecuado e mirarán de facelo canto antes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa da Feira, nº 41, existe unha reixa para a recollida das augas pluviais que está en mal estado e que supón un risco para os peóns, ademais de non efectuar correctamente a súa función.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A solicitar a reparación da devandita reixa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mandará pasar a comprobalo.

- Na rúa do Recreo, á altura do cruce coa Mediodía aproximadamente, existe unha tapa de sumidoiro que co paso dos vehículos provoca un notable barullo, que está a causar molestias ós veciños da zona.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A solicitar a empresa responsable, unha adecuación da arqueta de tal forma que se elimine o ruído.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se fixeron actuacións diversas, co tempo volven funcionar como cantinelas. Hai outras que se volveron a sinalizar para facer un recrecido, esta pola Deputación Provincial polo servizo de mantemento. Onte mandaron unha cinta como unha goma, vamos a ver se é efectiva. Xa o coñecemos, insistiremos á Deputación.

- Na Fonte Estrei, existe unha vivenda pegada á beirarrúa que se atopa nun estado ruinoso e con risco de virse abaixo. Tal e como pode verse na fotografía, os canalóns están descolgados, o tellado caeulle, parte dun muro tamén se derrubou e a construción está cuberta de vexetación.

Esta situación supón un risco para calquera dos viandantes que pasen pola beirarrúa ou os vehículos, ante unha posible caída de cascallos.

Por todo isto instamos ao alcalde ao seguinte:

A requirirlle aos propietarios o cumprimento das súas obrigas de conservación da construción, de tal xeito que deixe de ser un perigo para os viandantes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao ser varios propietarios non é fácil. Reiterase este requirimento.

Intervén o Sr. Vázquez Raña, en representación do grupo político UxO, que formula o rogo seguinte:

- Os veciños de Fosado cando se fixo o desbroce está o lavadoiro e non se fixo nada.

Que se adopten as medidas oportunas para facer algo no lavadoiro onde a ponte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a pregunta seguinte:

- Un dos plataneiros da alameda de Ordes secou, e outros dous van camiño de correr a mesma sorte.

¿Que medidas ten pensado adoptar o goberno municipal ao respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que necesitamos tres árbores para meter no mesmo sitio e que cumpran as dimensións. Valoráronse os que temos en diversos puntos para traer para aquí, pero teñen un fuste moi corto calquera deles e darían o conte. Teremos que buscar fora, se coñece algún. A que está seca non ten solución, a que está ao lado vai polo mesmo camiño, intentaremos recuperar á que esta cerca do monumento do soldado Lois. A situación e buscar tres árbores cun fuste similar e que se integren na Alameda. Nun viveiro non hai este tipo de árbores.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e trinta e sete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO